



Aprobadas as novas contas e a suma dos remanentes

O Concello de Cedeira ten aprobados os novos orzamentos para o presente exercicio 2024, cunha contía que ascende a 6.433.888€ (un 0,49% máis que a do pasado exercicio). O pleno municipal deu luz verde na mesma sesión á modificación de créditos pola que se incorporan aos recursos desta anualidade os 681.279€ de remanentes que quedaron tras o peche das contas do 2023. Destaca

na previsión de gastos os fondos destinados a servizos sociais, que ascenden a 1.353.872€ e representan máis do 20% do orzamento municipal. Incrementábase tamén de maneira importante a contía dedicada ao fomento do emprego e aumentan tamén os recursos para subvencións. Destínanse a investimentos 575.307€ dos orzamentos máis outros 225.913€ dos remanentes incorporados ás contas deste ano. **Páx. 2**

Bota a andar a redacción do futuro PXOM de Cedeira



O Concello de Cedeira acaba de contratar a redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), o documento que terá que rexir o desenvolvemento futuro da localidade. Nas súas condicións

está a celebración de mesas de participación que procurarán que o documento, chamado a substituír ao que está en vigor e que data de 1995, saia adiante cun amplo consenso e dando resposta ás necesidades da poboación. **Páx. 3**

sumario

» **Obras de rehabilitación do Palacete, zona verde na rúa Silva e arranxo de camiños, proxectos para o POS 2024**

Páx. 3



» **O Concello traballa para sumar máis recursos na atracción de turismo activo**

Páx. 4



» **Entrega de acivros ao alumnado do Nicolás do Río para celebrar o Día do Naturalismo Galego**

Páx. 5

» **A localidade sela o seu compromiso coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero**

Páx. 6

» **Incorporación ao sistema de xestión compartida do centro Fusquenlla para emprendedores do rural**

Páx. 7

Aprobado un novo orzamento co acento nos servizos sociais

O pleno de Cedeira vén de aprobar o orzamento municipal de 2024 e a incorporación dos remanentes do pasado ano. O presuposto anual ascende a 6.433.888,27€, un 0,49% máis que o pasado 2023, recursos aos que se suman outros 681.279,43€ de excedentes do anterior exercicio.

De novo mantén o Concello de Cedeira o seu esforzo no eido dos servizos sociais. A partida destinada a estes programas increméntase preto dun 1% e chega ata 1.310.583,75€ que representan máis do 20% do orzamento municipal. Aumenta tamén neste exercicio a contía dos fondos destinados ao fomento do emprego, que se sitúa en 90.526,34€ (case un 90% máis que o ano pasado).

Os orzamentos de 2024 consignan 575.307,79€ para investimentos. Destacan neste apartado os proxectos que se van acometer coa financiación do POS da Deputación Provincial. Cómpre apuntar que a modificación de créditos aprobada na mesma sesión destina a investimentos tamén un total de 225.913,89€, que servirán para levar adiante proxectos como a creación dunha zona axardinada e con aparcadoiro en Crónicas, a reparación de barandas da Ponte



Vella e a praza da Reitoral, o arranxo do muíño da Corredoira e outras actuacións.

Os gastos de persoal son 3.389.514,14€. A cifra actualizouse á alza nun 4,80% para dar cumprimento á suba do persoal municipal segundo o acordo marco establecido entre Goberno e sindicatos e tamén para facer fronte a posibles acumulacións de tarefas e substitucións por baixas temporais, sobre todo do persoal de Servizos Sociais.

Na procura da eficiencia enerxética

O Concello traballa para ser un municipio máis eficiente enerxeticamente. Nese marco insírese a implantación dun sistema de medición da calidade do aire nos edificios municipais, contratado por máis de 13.500€ á empresa local Xenética IoT. Entre outras cousas, o sistema permitirá un uso máis eficiente da calefacción. Unha rede de sensores recollerá datos dos niveis de monóxido de carbono, dióxido de carbono, partículas, temperatura e outros parámetros. Na mesma liña está o proxecto que está a tramitar Viaqua, para Cedeira e outros concellos, de melloras no ciclo urbano da auga. Trátase dunha ambiciosa actuación, que en Cedeira terá un investimento de máis de 900.000€ e abranguerá a sensorización das captacións, o uso de contadores intelixentes, a redución das perdas de auga, o control das depuradoras de augas residuais e dos verquidos, etc.

Increméntase a contía destinada a subvencións

Un ano máis increméntase a contía para subvencións, que ascende a 321.450€. Están incluídos os fondos que, a través de convenios nominativos, o Concello de Cedeira destina a Protección Civil, Cruz Vermella, Sobre Rodas, Apader, Abac, Pica Peixe e O Beco, a asociación San Andrés de Teixido, A Crina, Arce e a Banda de Música Vila de Cedeira, así como a

subvención para a escola de música, de concorrencia competitiva. Tamén están nesta partida os 120.000€ das axudas para financiar infraestruturas e actividades de entidades socioculturais e deportivas, e as aportacións para os grupos municipais, a FEMP e a FEGAMP, Seitura, a entidade de xestión do Xeoparque Cabo Ortegal e a Mancomunidade.

Cara ao PXOM que rexerá o futuro desenvolvemento de Cedeira

O Concello acaba de contratar, tras un proceso de licitación ao que concorriron cinco empresas, a redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O presuposto de contratación foi de 181.469,75€, cunha baixa de case o 30%, e o prazo de execución de catro anos, aínda que con seguridade a finalización do traballo demorárase máis porque o tempo deixará de correr cando o plan estea en tramitación nas diferentes administracións.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, subliña que a elaboración do PXOM é un proceso moi importante para o futuro de Cedeira e que precisa da participación e a implicación das forzas políticas, as entidades sociais e a cidadanía en xeral. Durante a elaboración do plan vanse convocar diferentes mesas de participación, unha delas específica de igualdade e outra de xuventude, para garantir o debate e a detección de necesidades. “O reto é dotarnos dunha planificación que resposte ás aspiracións presentes e futuras de Cedeira, que permita desenvolver equipamentos como un novo colexio, aparcamentos ou máis zonas verdes, que facilite



levar máis servizos á zona rural, que aporte seguridade ás persoas que teñen terreos para que saiban o que poden construír, que protexa o noso patrimonio... o plan xeral é o marco que nos damos a nós mesmos para que o urbanismo do noso municipio crezca de maneira ordenada”, explicou o alcalde.

O PXOM de Cedeira vai redactarse dacordo coa Lei do Solo Galega (LSG) e coa Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG). Actualmente, e segundo

os datos da Xunta, so hai en Galicia 128 concellos cun plan adaptado á lexislación actual. O PXOM do Concello de Cedeira data do ano 1995 e elaborouse no seu momento dacordo coa lexislación de 1992. No ano 2008 a administración local de Cedeira puxera en marcha a redacción dun novo PXOM que non chegou a termo, de aí que desde o goberno municipal se inste a sumar esforzos e sacar adiante o plan, que xa requeriu un intenso traballo do persoal técnico do Concello na preparación do expediente de contratación.

Máis de 423.000€ do POS para gastos e investimentos

Co novo exercicio chega a aprobación dos proxectos do Plan Único da Deputación da Coruña. Así, o pasado febreiro foi aprobada por unanimidade a proposta para o POS+2024, que se concretará en 423.098€ para gastos correntes e investimentos, xunto con outros 185.679€ do plan complementario e outros 68.084€ para gastos sociais. A partida de investimentos, de 184.801€, irá á rehabilitación do Palacete Municipal (149.250,04€) e a creación dunha zona verde na rúa

Silva (67.555€, dos que 35.551€ se custearán co POS). O proxecto para o Palacete servirá para intervir no edificio e solucionar os problemas de humidade que ten.

Na devandita proposta do POS+2024 vai tamén o plan complementario, dotado con 285.679,49€ e destinado ao arranxo de 15 pistas que suman máis de 6,7 quilómetros (Calvario-Ribeira, Arrasa, Condomiñas, Sisalde Maior, Bereixo-Piñeiro, Guillade-Casaldegonce, San Miguel de Sisalde,

Lugar Campo Cruz, As Bieiteiras, As Filgueiras-O Rego, Lugar Torno, Purrey-Sedeás e Liñares-Portovello).

O Concello de Cedeira vai contar tamén con 68.084,81€ do programa provincial para gastos sociais extraordinarios, co que vai poder reforzar o cadro de persoal adscrito aos Servizos Sociais municipais, así como ampliar as partidas destinadas a axudas de emerxencia da administración local para unidades de convivencia en risco de exclusión.

Cedeira suma recursos para potenciar o turismo activo

O goberno local de Cedeira ten en proxecto a mellora do Camiño Vello a Santo André de Teixido no seu trazado desde Chao do Monte. O obxectivo é facer máis accesible o vieiro municipal retirando aqueles elementos que actualmente obstaculizan ou entorpecen o paso e facilitando que máis persoas poidan realizar o percorrido, sen alterar o aspecto natural deste milenario sendeiro.

É este un proxecto que está valorado en máis de 49.000€ e que o Concello ten previsto acometer con financiación dalgún dos programas de axudas da Axencia de Turismo de Galicia. Xunto con el, o goberno municipal de Cedeira está a negociar coa Deputación da Coruña o establecemento dun convenio que permita executar unha senda peonil, cuxo orzamento estaría arredor dos 600.000€ e cuxo trazado seguiría o da estrada provincial tamén desde Chao do Monte ata Santo André. Sería unha senda de dous metros de ancho, que faría accesible o percorrido a persoas con dificultades de mobilidade. Ambos os dous proxectos cadran coa folla de ruta deseñada para o desenvolvemento do Xeoparque Cabo Ortegal, na que é unha prioridade potenciar o turismo activo e as rutas de sendeirismo, e en particular os camiños a Santo André de Teixido.

Tamén encaixa neste programa de desenvolvemento sostible a reforma e acondicionamento do antigo escolar de Santalla, que o Concello vén de contratar por un prezo de 144.901€. Tras a recuperación do uso deste inmobile municipal, que estivo cedido de 2013 a 2020 á Organización Juvenil Española, a súa reforma dará paso ao seu uso como albergue para grupos, asociacións e entidades, en xeral, que programen visitas e actividades de turismo activo no Xeoparque. Igualmente servirá o inmobile, apuntan desde o goberno local, para o uso da veciñanza.



Visita do deputado de Patrimonio

O alcalde e o tenente de alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil e José Antonio Rodríguez Arribe, recibiron recentemente a visita do deputado de Patrimonio, Xosé L. Penas, e da deputada provincial Cristina García Rey. O encontro serviu para intercambiar impresións sobre actuacións que o Concello quere acometer no Castro Sarridal e no casco antigo da vila e avanzar sobre que liñas de financiación poden facilitar, desde a área de Patrimonio da Deputación Provincial da Coruña, para levalas adiante.



Ampliación e reforma do parque infantil de Floreal

O Concello está a tramitar unha axuda da Xunta para acometer a ampliación e reforma integral do parque infantil de Floreal. O proxecto, orzamentado en 77.920€ (IVE incluído), servirá para renovar un dos espazos máis concurridos do casco urbano e para sumar novos e mellores equipamentos de xogo para as crianzas.

O parque infantil actual ocupa 124 metros cadrados. O espazo ampliarase ata os 201 metros cadrados, nos que se ubicarán dúas randeiras, dous balancíns, unha estrutura de xogo que simulará un barco e outra estrutura que simulará a torre de vixilancia dun barco pirata. Recentemente fora substituído o cerramento de madeira do parque por outro metálico, máis seguro, que se manterá. Aproveitaranse tamén as papeleiras e bancos actuais. O goberno local ten previsto revisar durante o presente mandato os parques infantís do municipio para arranxar e poñer ao día aqueles elementos que estean deteriorados.

O deporte enche de xente a vila

O deporte, que tantas alegrías dá a Cedeira, está a funcionar tamén como un axente impulsor do turismo e a súa desestacionalización. Serven de exemplo as máis de 1.200 persoas de toda Galicia que se reuniron en Cedeira o pasado día 6 de abril con motivo do sétimo Duatlón de Menores Concello de Cedeira e tamén a xornada da liga galega de karate que se desenvolveu ao sábado seguinte, o 13 de abril, na que se bateron cifras de inscrición coa participación de máis de 600 menores de toda a comunidade.

O Concello de Cedeira apoiou estes eventos e está traballando noutros próximos, entre os que estará unha das xornadas da Copa Deputación de Balonmán na Rúa.

Acivros para o colexio no día do Naturalismo Galego



O Concello de Cedeira fixo entrega, con motivo do Día do Naturalismo Galego que se celebra o 9 de marzo, de 25 acivros. A iniciativa, que se realizou grazas á colaboración do profesor Rafael López “Calel”, vai dirixida a implicar a todo o alumnado do centro no cuidado destas árbores ata o vindeiro 5 de xuño, o Día do Medio Ambiente, cando se programará unha saída con eles para facer a súa plantación.

Ata o colexio achegáronse, para facer entrega de todos os testos coas árbores,

o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e o primeiro tenente de alcalde, José Antonio Rodríguez Arribe, xunto cos concelleiros de Educación, Noel López, e Medio Ambiente, Ismael Durán. A acivro, tamén chamado acevo, é unha árbore moi coñecida en Galicia e que ata o ano 2018 estivo protexida e o Día do Naturalismo Galego é unha data instaurada recentemente a proposta da Real Academia Galega de Ciencias e o Consello da Cultura Galega e que está moi vencellada a Cedeira polo traballo do profesor Rafael López Loureiro.

O Entroido colleu folgos coa suba da contía dos premios



O mal tempo non puido coas ganas de troula do Entroido de Cedeira, que este ano celebrou o desfile con máis participación dos últimos anos, coincidindo coa suba da contía dos premios, que sumou un total de 5.590€. Pese a que houbo algunhas baixas respecto as inscricións e a que foi preciso acurtar o percorrido pola choiva, preto de duascenas persoas participaron na comitiva e a verbena nocturna propiciou que a xente quedase na vila ata tarde, animando as rúas e os establecementos de hostalería.

A comparsa dos Ratos Costureiros gañou o primeiro na súa categoría, na que houbo tamén premios para Sissiiii Cedeira e Dancing Black Swans do Condomiñas. Na sección de grupos, os tres premios foron para Sanrio, Cantantes dos 80/90 e A Máquina do Misterio. Os terceiros de individual e parellas quedaron desertos, pero os dous primeiros foron, respectivamente, para o disfrace de Mércores e o de Animadora, e para Pequenas bolboretas e O Flow dos Crocodilos. En canto aos premios especiais de carrozas e asociacións, o primeiro foi para os Ratos Costureiros e o segundo para Apader.

O CLIA “Ondiñas da vila”, en marcha



O Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA) de Cedeira celebrou xa as súas primeiras reunións de traballo. Nelas decidiuse o seu nome, “Ondiñas da vila”, e acordouse priorizar actuacións para promover a saúde mental dos menores, a realización de obradoiros de sexualidade no IES Candieira e a participación na programación de actividades culturais.

Estendemos a rede separativa



O goberno local vén de adxudicar as obras de mellora do saneamento na rúa María Mediadora, cun presuposto de 67.422€, e das rúas Viveiro e Cerdido, cun orzamento de 41.588€, en ambos os dous casos co IVE incluído. As actuacións consisten na instalación de novas redes de recollida da auga da choiva e novas canalizacións para as augas residuais, así como na reposición do firme.

Tratar os piñeiros da Capelada



Os responsables do goberno local de Cedeira mantiveron recentemente unha reunión cos técnicos da Consellería de Medio Rural, que informaron do tratamento experimental, a base de sulfato de cobre, que van a aplicar aos piñeiros da Serra da Capelada. Os da clase *pino radiata* están afectados por un fungo que os deixa secos e que desde hai tempo está afectando ás árbores de todo o país.

Fomento da empregabilidade



O Concello de Cedeira ten en marcha, a través da Concellería de Promoción Económica e Emprego, varios programas gratuítos de formación dirixidos a mellorar a empregabilidade das persoas en paro. Así, comezaron recentemente un curso de galego e outro de monitor de tempo libre e impartiranse proximamente outros de Atención socio sanitaria a dependentes e hostalería.

Inzar de versos as rúas de Cedeira

O Concello de Cedeira vén de poñer en marcha, a través da Concellería de Normalización Lingüística e coa colaboración das Equipas de Normalización do CEIP Nicolás do Río e do IES Punta Candieira, o proxecto “Literarrúa”. É unha iniciativa dirixida a inzar de versos e literatura en galego as rúas e espazos públicos de Cedeira. O alumnado traballa na procura dos textos que mellor concorden con cada lugar para plasmarlos, da maneira máis axeitada en cada caso, na parede, no chan ou ben cunha placa.

A idea é pescudar na literatura galega, prosa ou poesía, aqueles textos que teñan relación co topónimo do sitio elixido. Apuntan desde o goberno local que “Literarrúa” non vai limitarse ao casco urbano, senón que nace co dezo de chegar a todas as parroquias. Tampouco teñen que ter necesariamente os textos unha relación directa co nome do lugar, sinalan, podendo aludir a vida e historia do rural galego, por exemplo. Na fase final, os versos seleccionados plasmaranse nos lugares elixidos tendo en conta as características do lugar e intentando facer partícipes aos nenos e nenas, así como ao profesorado, dun traballo en equipo que lucirá ao longo do tempo nos espazos públicos do concello. Cómpre



A biblioteca incrementou o número de persoas socias e de préstamos

A biblioteca municipal López Cortón rexistrou no pasado ano un total de 152 novas altas, co que o número de persoas socias ascende a 5.458 e se mantén a positiva evolución dos últimos anos. Cómpre destacar o incremento do número de préstamos de libros realizados

no pasado exercicio: foron un total de 6.843, unha cantidade que supera nun 30% os que se prestaron o anterior 2022 e nun 78% aos de 2019. Desde o goberno local celebran a popularidade deste servizo e os seus altos datos de actividade en relación coa poboación.

recordar os versos de Rosalía de Castro “Brilá, raio da aurora...”, da súa obra “Follas Novas”, que xa adornan a fachada lateral da biblioteca

municipal López Cortón, xunto coa faciana da poeta, iniciativa que configurou un dos recunchos máis singulares do casco vello de Cedeira.

Compromiso coa igualdade

O Concello de Cedeira amosou un ano máis, con motivo do 8M, o seu compromiso coa loita pola igualdade. O goberno local deseñou un completo programa de actividades que abrangueu exposicións, a apertura dun espazo de lectura para a rapazada, unha performance, un obradoiro e unha carreira popular, entre outras. Un 8M que coincidiu cunha intensa actividade formativa promovida pola Concellería de Igualdade do Concello de Cedeira e que está a ter moi boa acollida entre

as veciñas. Así, nos últimos meses desenvolvéronse varias actividades, entre elas un curso para profesionais do ámbito deportivo e deportistas, sobre pautas para evitar lesións na anatomía lumbo-pélvica; un obradoiro sobre a menopausia, e unha charla sobre os mitos do amor romántico, entre outras.

No eido da loita contra a violencia de xénero, a subdelegada do Goberno, María Rivas, estivo en Cedeira na constitución da Mesa de Coordinación



Interinstitucional do sistema Viogén, a ferramenta para a prevención, detección e protección das vítimas.

O Concello súmase á xestión compartida da Fusquenlla

O Concello de Cedeira vén de adherirse ao sistema de xestión compartida do Centro Comarcal de Apoio ao Emprendemento e ao Desenvolvemento Rural A Fusquenlla, un espazo colaborativo de emprendemento no que xa estaban Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño, e no que tamén acaba de entrar Fene.

A Fusquenlla, situado no recinto feiral de Moeche, é un espazo creado para facilitar que as persoas cunha pequena explotación agraria ou apícola poidan acceder a instalacións e maquinaria para transformar os seus excedentes, para o autoconsumo ou para a venda. Forma parte da Rede Provincial de Espazos Colaborativos de Traballo e boa parte da súa actividade está orientada á formación. De feito, para poder producir alí é preciso facer un curso sobre hixiene, trazabilidade alimentaria, seguridade e manexo do equipamento.

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, destacou que o Concello



contribúe ao desenvolvemento local a través de Fusquenlla, un centro que xa con anterioridade usaban varias persoas de Cedeira para procesar os seus produtos. Os obxectivos e a filosofía do centro concordan plenamente coa estratexia do Xeoparque Cabo Ortegal de promover o desenvolvemento sostible do territorio. Do éxito das instalacións fala o bo número de produtores e produtoras que as empregan para preparar as súas conservas con vexetais de horta ou froita, zumes, marmeladas, mel, etc, e a lista de espera que teñen os seus cursos de formación.

Mellora dos xardíns do Palacete

O Concello vai empregar a axuda do Fondo de Compensación Ambiental para abordar a mellora e integración paisaxística dos xardíns do Palacete Municipal, a compra de papeleiras e a contratación de cinco peóns e un técnico de MedioAmbiente durante tres meses.

O arranxo dos xardíns, no que os coidados do persoal municipal non lograron evitar o deterioro dos buxos que alí crecían, está orzamentado en casi 45.000€. Ademais de plantar novos arbustos e árbores, preparárase o terreo para instalar un sistema de rego e unha malla antiherbas que facilitarán o seu coidado. Compráranse 30

papeleiras, por 2.178€, e faranse as devanditas contratacións, cun custo de 47.172€.

O Concello ten solicitadas, por outra banda, varias axudas para facer diferentes contratacións, a maiores das xa citadas do Fondo de Compensación Ambiental. Crearanse con cargo a estas subvencións oito empregos, cuxas duracións van dos tres aos 9 meses, para a limpeza de montes e o mantemento de zonas públicas. Tamén están tramitadas solicitudes do Concello ao abeiro doutros programas supramunicipais de mellora de equipamentos e servizos que sumarían máis de 100.000 euros.

Novas iniciativas ao abeiro do GALP

O Concello de Cedeira vai desenvolver tres proxectos, xa aprobados provisionalmente, no marco da nova convocatoria de axudas para iniciativas de desenvolvemento local participativo (EDLP) do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) da Mariña-Ortegal, con financiación do Fondo Europeo Marítimo. Son tres programas a realizar en tres anualidades e que suman un orzamento de 190.557€, todos para fomentar unha economía azul e sostible na zona.

O proxecto *Respira Cedeira* vai dirixido ao descubrimento da riqueza do litoral a través de catro rutas tematizadas. *Coidamos Cedeira*, o segundo, adícase á conservación dos recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas. O proxecto, coa colaboración da Confraría de Pescadores, a Sociedade Galega de Historia Natural e Arce, abrangue a realización de obradoiros no CEIP Nicolás do Río, a organización dun certame escolar, unha xornada divulgativa e un programa de captación de investigacións universitarias. Por último, *Cedeira Mar de Vida* é un programa para a promoción de hábitos saudables a través do consumo de alimentos de proximidade, concretamente os da pesca local, e da actividade física. O proxecto traducirase na realización de obradoiros no IES Punta Candieira, un certame escolar e saídas coa rapazada.

Reforma da EDAR de San Román

O Concello acaba de contratar a obra de reforma e adecuación da EDAR de San Román, por un prezo de 57.656€ (IVE incluído). Trátase dunha actuación necesaria para mellorar o funcionamento e corrixir as eivas desta estación depuradora de augas residuais, que se executou na parroquia no ano 2011 e que se puxo en marcha de maneira precaria. As obras son necesarias para que a instalación funcione cumprindo a lexislación vixente.

A academia Street Dance desata a paixón polas danzas urbanas

A academia de baile Street Dance School chegou a Cedeira para encher un vacío. A proba son os 65 nenos e nenas que acoden ás súas clases de danzas urbanas e que están a colleitar os primeiros éxitos en campionatos por España adiante. Para a súa fundadora, Jenny Pérez Bengoa, é moito máis. É un soño cumprido.

Jenny Pérez Bengoa é bailarina de vocación desde ben pequena, cando chegaba do colexio e comezaba a danzar na súa habitación. Non o tivo fácil, tal como ela explica, por circunstancias persoais e tamén porque daquela en Cedeira non había ningunha escola de baile máis aló do tradicional galego. Así que xa desde moza procurou formarse, acudindo a cursos cando pasaba os veráns en Madrid, ou facendo formacións a través de internet. Jenny non parou nunca de moverse para aprender e mellorar, algo que non remata nunca na carreira dunha bailarina.

Por fin en outubro pasado puido abrir a súa propia academia en Cedeira, a Street Dance, nun local do casco urbano no que as clases se suceden cada tarde desde as catro ata máis das dez da noite. O pasado verán organizou o primeiro campamento urbano para nenos e nenas interesadas nas danzas urbanas, tamén cun enorme éxito. E en marzo deste ano dous dos seus grupos de baile, o "baby" formado por nenas e nenos de 6 a 9 anos, e o "junior", polos de 10 a 13, participaron no seu primeiro campionato a nivel nacional. Foi no February Hip Hop que tivo lugar en



León, no que o primeiro quedou nun quinto posto e o segundo no 15 de 21. Máis recentemente, o grupo "baby" acadou un tercer posto no Move It de Vigo e o primeiro no Urban Dance Tour que se celebrou en Narón. Todo un éxito dado que a escola non ten nin un ano de percorrido. No seo da Street Dance creouse un club deportivo, precisamente para poder xestionar axudas e facilitar os desplazamentos a campionatos. Contan, de feito, co apoio do Concello de Cedeira para financiar actividades e algún investimento en material e están xa pensando en viaxar a outras probas que se van a organizar en Zamora e Asturias, co dezo de amosar a súa progresión e tamén de aprender e compartir experiencias.

Jenny Pérez Bengoa imparte as clases e prepara todas as coreografías. Un total de 65 alumnos e alumnas, desde 3 a 21 anos, participan nas clases de danzas urbanas -fundamentalmente hiphop,

xunto con outras modalidades como o house, o breaking...-, pero tamén acoden á súa escola outras 15 persoas máis maiores para aprender ritmos latinos.

O centro conta coas clases de coreógrafos como Nico Solsona ou Marcos Martínez

A Street Dance puxo Cedeira no mapa das danzas urbanas. De feito, a escola recibe puntualmente a prestixiosos coreógrafos que imparten clases e talleres. É o caso de Nico Solsona, coñecido pola súa participación en concursos televisivos de baile, ou de Marcos Martínez, prestixioso profesor de hiphop. Quedádevos co nome desta nova escola deportiva, que de seguro non vai deixar de moverse!